

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 19 de maio de 2017 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música non dependentes desta consellería.

BDNS (identif.): 348687.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas destinadas a subvencionar o funcionamento dos seguintes centros:

a) Escolas de música das cales sexan titulares os concellos.

b) Escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación en ensinanzas de música que non conducen a títulos académicos ou profesionais.

Segundo. *Requisitos*

Poderán solicitar estas axudas os titulares dos centros de música sinalados no punto anterior que contén coa correspondente autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Estes centros deberán estar radicados na Comunidade Autónoma de Galicia e as axudas destinaranse ao desenvolvemento das súas actividades docentes desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2017.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 19 de maio de 2017 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (proce-



demento ED314E, para escolas de música das cales sexan titulares os concellos, e procedemento ED314D, para escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación en ensinanza de música que non conduzan a títulos académicos ou profesionais).

Cuarto. *Contía das axudas*

Para as escolas de música dependentes de concellos a contía máxima da axuda por beneficiario non poderá superar a cantidade de corenta mil euros (40.000 euros).

Para as escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro a contía máxima da axuda por beneficiario non poderá superar a cantidade de oito mil euros (8.000 euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

